



Edificio en obras no centro histórico

© Mónica Patxot

Pontevedra

O Concello agarda que o ARI do centro histórico sirva como "estímulo" para os propietarios



Por Alejandro Espiño
hai 17 horas

Un máximo de 27 edificios serán rehabilitados grazas ás axudas establecidas no ARI para o centro histórico. **Así o destacou o concelleiro Luís Bará, que avanzou as liñas de actuación que se inclúen na primeira fase deste programa.** En total, prevense fondos para rehabilitar unhas cen vivendas. Para iso, destinaranse un total de 1.437.000 euros que serán achegados polo Ministerio de Fomento, o Concello de Pontevedra e os respectivos propietarios.

Os técnicos municipais **están actualmente redactando as bases** para que os interesados en participar desta subvención poidan presentar os seus proxectos e acceder aos fondos. Estarán publicadas en decembro, xa que as actuacións deben ser realizadas ao longo de 2016.

Estes fondos destinaranse a obras integrais de rehabilitación, cambio de cubertas, reforma da carpintería exterior ou reparacións de fachadas ou melloras das condicións de habitabilidade, tanto nas zonas comúns dos edificios como nas propias vivendas.

Ademais, **o propio Concello destinará case 229.000 euros para a rehabilitación de espazos públicos**, actuacións que tamén se recollen no ARI do centro histórico.

En concreto, reformaranse as rúas Pratería Vella e Tristán de Montenegro, ambas as no ámbito de Santa María -con investimentos de 52.000 e 88.000 euros respectivamente-; e o espazo arqueolóxico de Valentín García Escudeiro, ao que se destinarán 47.000 euros para a mellora do peche perimetral e a colocación de nova sinalización e iluminación.

Sumadas ás cantidades destinadas a unha nova fase do ARI de Estribela, onde o Concello reformará a rúa do Mercado e novos tramos de Marqués de Valterra e da rúa Comboa, **en total investiranse 2.148.924 euros**. Deles, Fomento asumirá 750.000 euros e o Concello outros 322.000 euros. O resto correrá a cargo dos propietarios dos inmobles que se vaian a rehabilitar.

Así, aínda que Bará lamentou que se produciu un notable recorte nas cantidades comprometidas inicialmente, **destacou que espera que sirva como "estímulo" para traballar na rehabilitación do centro histórico** e que, en próximos anos, se poidan acometer actuación máis ambiciosas, especialmente no relativo aos espazos públicos.